

ACTA N° 10/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 23 de febreiro de 2009, reúnen as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 08/09, do 16/02/09 e da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local número 09/09, do 20/02/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 19/09 – D. FERNANDO SANTOMÉ CORRALES presenta proxecto de reparación de terraza en vivenda unifamiliar existente no barrio de Reibón, nº 94 A,

Meira, de conformidade co proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 10.02.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN DE TERRAZA(OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo co proxecto presentado.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación dunha terraza co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	66,27 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 263/08 – D. MANUEL ÁNGEL PAREDES PORTELA presenta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar a situar no barrio da Paradela, nº 13, de conformidade co proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 08.10.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO. **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Para cumprir coa Normativa do habitat galego condicionase que a peza destinada a almacenamento xeral haberá de habilitarse cinco metros lineais destinado a ese uso adosados aos paramentos con fondo de 60 centímetros.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 4 de febreiro do 2009 para Ordenanzas 2.

Non require informes sectoriais.

Se cede 19,55M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 188,22 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licencia se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas

infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.461,80 €
Taxas licenza urbanística.....	307,72 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Dereitos conexión sumidoiros	180,00 €

3.- PARCELACIONES

Visto o expediente instruídos a instancia do interesado e examinado o informe do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de finca, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

EXPTE. 18/09 – D. ANDRÉS PENA GARCÍA, presenta proxecto de parcelación de finca de 737,00 m², sita no barrio do Calvar, nº 92 – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, visado na data 26.01.09.

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de data 18 de febreiro de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza** de parcelación de acordo coa documentación técnica presentada visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 26/01/2009 para un solo urbano de ordenanzas 1 e 2.

Finca matriz de 737,00 M/2 que se divide en dúas “1ª” e “2ª” de superficies brutas respectivas 273,00 e 464,00 M/2 respectivamente, cuxa configuración se representa nos planos adxuntos.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística.....	110,00€
-------------------------------	---------

4.- LICENZAS DE APERTURA

4.A) EXPTE. 17/08 – D.^a M^a DEL CARMEN POMBAL solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 11 de abril de 2008, licenza de apertura para establecer no seu local unha OFICINA , no andar 1º H do Edificio Vipomar – O Rosal.

Visto o informe do aparelador municipal do 19 de febreiro de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

PETICIONARIO: MARIA DEL CARMEN POMBAL PIÑEIRO

SITUACIÓN: EDIF.VIPOMAR-O ROSAL

INFORME: Procede licenza de apertura con destino a OFICINA a favor de MARÍA DEL CARMEN POMBAL PIÑEIRO.

A ordenación de usos para a zona determina a súa compatibilide.

A licenza urbanística de uso e obras se outorga definitivamente mediante unha única resolución coa licencia de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **D.^a M^a DEL CARMEN POMBAL** licenza para a implantación da actividade de OFICINA no local situado no andar 1º H do edificio Vipomar - O Rosal, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.B) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 06/09 – NOELIA CORDEIRO PAREDES en representación de ESTÉTICA NOELCOR SLL, CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

Vista a instancia presentada o día 17 de febreiro de 2009 por Dona NOELIA CORDEIRO PAREDES, en representación de ESTÉTICA NOELCOR, S.LL, na que expón que causou alta no modelo 036 para un establecemento de peluquería na rúa Daniel Castela, 31 do que anterior titular era a peluquería KERKOS S.L., e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 17 de febreiro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 17.02.09, en relación coa solicitude presentada por PELUQUERÍA Y ESTÉTICA NOELCOR, S.L.L. na data do 17.02.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de PELUQUERIA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 31, O Real pertencente a Kerkos, S.L., teño a ben poñer no seu coñecimeinto o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de PELUQUERÍA, sito na rúa Daiel Castelao, 31, O Real, pertencente a **KERKOS, S.L.**, pola **Comisión de Goberno de data do 23.06.2003**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de PELUQUERÍA, sita na rúa Daniel Castelao, nº 31 – O Real, pertencente a **KERKOS, S.L.**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 23.06.2003**, a favor de **ESTÉTICA NOELCOR, SLL** representada por D.^a Noelia Cordeiro Paredes.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA – EXPTE. 57/2008

Vista a instancia presentada por D.^a María Ines Fervenza Pereira, na que expón que mercou a finca en Ameixoadá propiedade de D. José M^a Bello Santos, na que se pretende construír unha vivenda unifamiliar para a cal existe licenza de obra nº expte. 57/2008, a nome de D. José M^a Bello Santos, e solicita o cambio de titularidade de dita licenza e que pase ao seu nome (achega copia da escritura de compra).

Visto o informe do aparelador municipal, do 17 de febreiro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS. 57/2008

Procede o cambio de titularidade dal icenza, expediente 57/2008, inicialmente concedida a JOSE MARÍA BELLO SANTOS, a favor de INES FERVENZA PEREIRA, subrogándose a totalidade de condicionandos que se derivaron da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza do expediente de obras 57/2008, que estaba a nome de D. JOSÉ MARÍA BELLO SANTOS e pasa ao de D.^a MARÍA INES FERVENZA PEREIRA.

5.B) Visto o escrito remitido pola Autoridade Portuaria de Vigo – Ministerio de Fomento, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da autorización

á entidade ASTILLEROS ATOLLVIC MORRAZO S.A.U. para a instalación dentro da concesión administrativa da que é titular no lugar de Meira-Moaña, de dúas cubertas móbiles na prolongación da nave existente, e para a instalación de mamparas contra ventos, para o que achega o proxecto, copia da solicitude e plano de situación.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de febreiro de 2009, que literalmente di:

**SOLICITUDE DE INFORME DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO.
PETICIONARIO: ASTILLEROS ATOLLVIC MORRAZO S.A.U**

Arturo Garrido García, aparelador municipal, a requirimento do Sr. Alcalde e en relación dunha petición efectuada pola Autoridade Portuaria de Vigo sobre a instalación pretendida por Astilleros Atollvic Morrazo S.A.U., emito o presente informe:

As NN SS de Planeamento Municipal aprobadas polo Concello en Pleno Extraordinario de 5 de febreiro de 1996 (BOP de 29/05/96) clasifican a totalidade do termino municipal en distintas clases de solo, e dicer, todo o terreo que se estende o interior da cota 0 (baixa mar equinoccial), deixando marxinado o dominio público en tanto e canto o terreo non emerxa por unha actuación en mans competenciais do Estado. Circunstancialmente, aos efectos de adquisición e de execución do planeamento, o solo afecto o Porto de Vigo non debe ter consideración de sistema xeral **municipal** pola súa titularidade estatal e carácter supramunicipal (artigo 165.3 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia), e dado a implantación dunha infraestrutura portuaria na Ría de Vigo non ten como finalidade o vertebrar o territorio municipal propio, o desenvolvemento deste Sistema Portuario supera a esfera municipal.

A situación anterior ao cambio lexislativo producido pola entrada en vigor do Artigo 102 da lei 9/2002, de 30 de decembro (LOUGA) para usos e obras provisionais modifica sustancialmente a posibilidade de outorgamento de licenzas non regladas amparadas nese concepto; de xeito taxante prohibese os usos industriais independentemente do posicionamento da obra en terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se iniciase o procedemento de xestión correspondente.

Ante a inexistencia de Plan Especial da zona Portuaria para o técnico que informa caben dúas posibilidades que acaban conxuntándose nunha soa: **a clasificación do carácter rústico** A determinación do carácter rústico do terreo circundante; así as NN.SS. de Planeamento Municipal clasifican a zona perimetral sobre o dominio público marítimo terrestre de “solo apto para a urbanización do Latón. A-7”, en virtude da disposición Transitoria Primeira 1.d) da LOUGA, o solo apto para urbanizar aplicaráselle nesta lei para o solo urbanizabe non delimitado, e que atendose o disposto no Artigo 21.4 da LOUGA, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicaráselle o establecido para solo rústico nesta lei. A clasificación do carácter **rural (rústico)** en canto a súa situación e utilización desa clase de solo de policía do dominio público determinado nos apartados 2.a) do Artigo 12 e 1 do Artigo 13 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo. Polo carácter residual do solo rústico de protección ordinaria en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible (Artigos 15.e) e 32.1 da LOUGA), e o carácter de infraestrutura do sistema portuario, ante o interese público e a necesidade de emplazarse no medio, concluímos que para as instalacións propostas deberase estar a solucións vencelladas a autorizacións previas da Comunidade Autonómica dado o carácter do solo, independentemente da ausencia específica da actividade e uso construtivo do Artigo 33.2 da LOUGA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Autoridade Portuaria de Vigo.**

6.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

D.^a CARMEN PÉREZ PAREDES, con domicilio na rúa Sixalde nº 28, do barrio do Redondo, cede gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 24,0786 m², para a ampliación e construción de beirarrúas, da estrada As Barxas – Berducedo, no tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata Rosalía de Castro e pide que o Concello se comprometa a construírllle o peche e escaleiras de acceso á planta baixa, no fronte da fachada da rúa As Barxas-Berducedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 24,0786 m² da parcela propiedade de D.^a Carmen Pérez Paredes, sita nas Barxas-Berducedo, e comprométese a construírllle o peche e escaleiras de acceso á planta baixa, no fronte da fachada da rúa As Barxas-Berducedo, e acorda tamén que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

7.- PROPOSTAS DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MOBILIDADE	Instalación de avisadores acústicos para invidentes en semáforos	EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A.	2220 21300 RC 400	974,40 €
CIM	Curso de técnicas de relaxación, manexo do stress e a autoestima	MARÍA JOSÉ GARCÍA DEL CUETO	3130 22614 RC 395	850,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.- GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POR SERVIZOS PRESTADOS FÓRA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO.

8.A) D.^a Margarita Calvar Fernández presenta, a relación de horas extras que tivo que facer no Rexistro os días 26 ao 30 de xaneiro de 2009, o 2 ao 7 de febreiro e do 9 ao 13 de febreiro de 2009, a petición do alcalde, para poñer ao día o Rexistro de Entrada e Saída de Documentos, por un total de 58 horas.

Visto o informe do interventor do 19 de febreiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: Levantar o reparo da intervención por entender suficientemente acreditada a orde previa do Delegado de persoal para que se realizase o servizo extraordinario e a súa realización efectiva.

Segundo: Aprobar a liquidación das horas extras presentadas, por 58 horas, por traballos extraordinarios no Rexistro de documentos os días 26 ao 30 de xaneiro de 2009, o 2 ao 7 de febreiro e do 9 ao 13 de febreiro de 2009, por un importe de 13,42 €/hora, o que dá un importe de 778,36 euros.

8.B) GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do Concello de Moaña, de data 22 de decembro de 2008, no que se reflicte que o axente D. Manuel Gómez Silva realizou catro horas extras diurnas para reforzar o Pleno o día 22 de decembro de 2008, e vista a certificación de existencia de crédito presentada pola Intervención municipal,

AXENTE	Diurna		Nocturna		Festiva		SERVIZO REALIZADO	DATA	IMPORTE
	Hor as	Precio	Hor as	Precio	Hor as	Precio			
GOMEZ SILVA, Manuel	4	13,33					Reforzo Pleno 22/12/08	22-dec-08	53,32 €

Visto o informe do interventor municipal de data 23 de febreiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as gratificacións extraordinarias ao policía local D. Manuel Gómez Silva, por un importe de 53,32 €, con cargo á partida orzamentaria 2220 15101, por entender xustificada a súa realización baseándose na previa orde do Delegado de Persoal e por entender suficientemente acreditada a súa realización.

9.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO CONSISTENTE NO ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA DE UN VEHÍCULO PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS

Dada a necesidade do Departamento de Servizos municipal de contar cun novo vehículo remitiuse solicitude de oferta de vehículo cas características precisas á empresa Electroauto Cangas S.L.

Remitido pola Empresa Electroauto Cangas S.L., oferta de contrato de aluguer con opción de compra de vehículo Land Rover Discovery Matrícula 7721 BVV, por prazo de seis meses, cunhas cotas de 1.000 euros mensuais máis IVE, e cunha cota final de compra de 5.100 euros máis IVE.

Na citada oferta se inclúe seguro de vehículo a todo risco a cargo da empresa e con garantía de motor e caixa de cambios durante os seis meses do aluguer.

Á vista da duración e contía do contrato, e de conformidade cos artigos 9.1, que establece como variante de contrato de subministro o arrendamento con opción de compra de bens mobles, 122.3, sobre contía do contrato menor de subministro e, 95 sobre tramitación de contratos menores, da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor de subministro, consistente no arrendamento con opción de compra de un vehículo Land Rover Discovery Matrícula 7721 BVV, polo prazo de seis meses, cunhas cotas de 1.000 euros mensuais máis IVE, e cunha cota final de compra de 5.100 euros máis IVE, á Empresa Electroauto Cangas S.L., o que da un prezo total de DOCE MIL OITOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (12.876 €), IVE incluído.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 5110.20400 do orzamento municipal do ano 2009.

10.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

10.A) UNIÓN FENOSA, S.A. con CIF A-82153834, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente a decembro de 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 16 de febreiro de 2009 no que propón a aprobación da seguinte liquidacións:

ANEXO I

Periodo	Base imponible	Tarifa	Cuota
Decembro 2008	325.561,62	1,5 %	4.883,42

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 4.883,42 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa S.A. de decembro de 2008.

10.B) R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. con CIF A-15.474.281, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente ao exercicio de 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 23 de febreiro de 2009 no que propón a aprobación da seguinte liquidacións:

ANEXO I

PERIODO	BASTE TAXA	Tipo impositivo	Cuota tributaria
Ano 2008	55.023,73	1,5 %	825,36

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 825,36 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.. do exercicio 2008.

11.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D.^a Gloria Chapela Lemos, traballadora laboral fixa do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros a devolver en 24 meses. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o traballador non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor do 23 de febreiro de 2009.

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a Gloria Chapela Lemos o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades.

12.- MODIFICACIÓN SERVIZO LUDOTECA

Visto o informe do 18 de febreiro de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos persoas asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca ás seguintes usuarias, con indicación do nome das menores, o nº de socia, tarifa que lles corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

Socia	María Cancelas Álvarez	Art. 4 Epgr.3º a
158	PILAR ÁLVAREZ COSTA (nai)	35.307.200 S
Socia	Lucía Cancelas Álvarez	Art. 4 Epgr.3º a
159	PILAR ÁLVAREZ COSTA (nai)	35.307.200 S

13.- OCUPACIÓNS DA VÍA PÚBLICA DURANTE O ENTROIDO

Vista a solicitude de D. José Manuel Beiroa Lourido na que solicita colocar un remolque de golosinas para os días de entroido. A superficie do remolque é de 2 m2, e colocarse durante 7 días,

Vista a liquidación das taxas practicada por importe de 12,60 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación para os días solicitados e a liquidación de taxas efectuada.

14.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA “MELLORA DE ACCESOS PARA A ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”

Vista a proposta do arquitecto técnico municipal do 19 de febreiro de 2009,

Vista a documentación remitida por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. empresa adxudicataria da obra “Mellora de accesos para a zona industrial do Cocho”, número de expediente municipal 93/08, consistente no seu *Plan de seguridade e saúde* e o *Informe favorable do plan de seguridade e saúde* asinado por D. Antonio Salgueiro González,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **Primeiro:** aprobar o PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MELLORA

DE ACCESOS PARA A ZONA INDUSTRIAL DO COCHO” presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo: Designar a D. Ángel Manuel Roncero Diez como coordinador de Seguridade e Saúde da obra.

15.- APROBACIÓN DE PROXECTOS DE OBRA DO PATRONATO BEIRAMAR

O presidente do Patronato, D. Arturo González Pérez, por escrito do 23 de febreiro expón que no Patronato municipal Beiramar se está a elaborar un proxecto de obradoiro de emprego denominado “Capacita Moaña” e que se quere solicitar subvención para este proxecto ante a Consellería de Traballo, para o que se necesita a autorización municipal para a execución das obras incluídas nel, e que son:

- Acondicionamento e axardinamento do entorno do Monte do Con
- Acondicionamento do adro da Igrexa da Peregrina
- Acondicionamento do adro e parcela circundante da Igrexa de San Bieito

Acompaña á solicitude anteprojecto básico das obras.

Visto que a autorización municipal para a execución das obras é necesaria para tramitar a subvención para o obradorio de emprego ante a Consellería de Traballo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a execución das obras solicitadas.

16.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
LUISA RODRÍGUEZ NIETO	Auga para usos domésticos	Ramón Cabanillas, 139 – 1º B	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia
FRANCISCO ORLANDO COSTAS GAYO	Auga para construción	Cruceiro – San Martiño, s/n 1	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza150 €	Aqualia
GARDERIA MUNICIPAL	Auga Saneamento obra	Finca Pazó		

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.

